

IV Congreso Provincial

Ourense / 26-27 de febreiro de 2022



Estatutos Provinciais

Versión Inicial a 28.01.2022



ESTATUTOS PROVINCIAIS IV CONGRESO

IV CONGRESO PROVINCIAL

PSdeG-PSOE OURENSE

26-27 DE FEBREIRO



Índice

TÍTULO I. A AGRUPACIÓN PROVINCIAL E OS SEUS MEMBROS

Capítulo I. Disposicións introductorias

Capítulo II. Os/as afiliados/as e os/as simpatizantes

TÍTULO II. ESTRUCTURA PROVINCIAL DO PARTIDO

Capítulo I. As Agrupacións Municipais

Capítulo II. As organizacións sectoriais

TÍTULO III. OS ÓRGANOS PROVINCIAIS

Capítulo I. O Congreso Provincial

Capítulo II. O Comité Provincial

Capítulo III. A Comisión Executiva Provincial

Capítulo IV. A Comisión Provincial de Ética

Capítulo V. A Comisión Provincial de Control Económico

Capítulo VI. A Comisión Electoral Provincial

TÍTULO IV. OUTROS PARTÍCIPIES NO FUNCIONAMENTO DO PARTIDO

Capítulo I. Xuventudes Socialistas

Capítulo II. Colectivos progresistas

Capítulo III. Os cargos públicos do Partido

Capítulo IV. Os Grupos institucionais

TÍTULO V. A ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA DA AGRUPACIÓN PROVINCIAL

TÍTULO VI. PRECEPTOS ADICIONAIS

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

DISPOSICIÓN FINAIS



TÍTULO I. A AGRUPACIÓN PROVINCIAL E OS SEUS MEMBROS

Capítulo I. Disposicións introductorias

Artigo 1. O Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE na provincia de Ourense constitúese en Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense. As súas siglas son as de PSdeG-PSOE de Ourense. Os seus emblemas, os do PSdeG-PSOE, coa adición, cando procedese, da palabra Ourense.

Artigo 2. A Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense forma parte do PSdeG-PSOE, comparte os seus principios políticos e, xa que logo, é unha organización política galeguista, progresista, feminista, de esquerdas, loitadora contra todo tipo de inxustiza e explotación, que busca a transformación e progreso sostibles da sociedade ourensá, para facela libre, igualitaria, plural e solidaria, e que ten como bases do seu funcionamento a democracia, a participación e a transparencia.

Artigo 3. O PSdeG-PSOE de Ourense levará a cabo no seu ámbito a política xeral do Partido, adaptada ás especificidades da provincia e ás necesidades dos seus habitantes, daccordo coas normas, principios organizativos, directrices políticas e decisións adoptadas polos órganos competentes, a nivel nacional e federal.

Para elo, a Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense ten a autonomía necesaria para celebra-los seus congresos, dotarse de órganos propios, elixir ás persoas que formen parte deles e adoptar resolucións políticas e organizativas.

Artigo 4. Os textos dos Estatutos nacionais do PSdeG-PSOE e dos presentes Estatutos provinciais, complementáanse recíproca e directamente, sen prexuízo do obrigado cumprimento, na Agrupación Provincial de Ourense, de tódolos Estatutos e normas federais e nacionais vixentes.

Artigo 5. O ámbito territorial de actuación da Agrupación Provincial é o da provincia; o das Agrupacións Municipais, cadanseu concello. Caso de que nalgún deles se implantase, segundo a normativa federal, o funcionamento por Distritos, estes quedarán integrados na respectiva Agrupación Municipal, e representados no funcionamento orgánico provincial ordinario por cadansúa Comisión Executiva Municipal (CEM).

Artigo 6. Son órganos da Agrupación Provincial os seguintes: o Congreso Provincial,

Comité Provincial (CP), a Comisión Executiva Provincial (CEP), a Comisión Provincial de Ética, a Comisión Provincial de Control Económico e a Comisión Electoral Provincial.

Capítulo II. Os/as afiliados/as e os/as simpatizantes

Artigo 7. Son afiliados/as á Agrupación Provincial do PSdeG-PSOE de Ourense os/as que pertencen a calquera das Agrupacións Municipais da provincia. A militancia implica cumprir as normas, aceptar as declaracións de principios, e acatar as resolucións dos órganos, do Partido, nos seus distintos niveis territoriais.

Artigo 8. Poderán inscribirse como simpatizantes os/as cidadáns/as doutros países residentes na provincia que non teñan nacionalidade española.

Artigo 9. Os/As afiliados/as do Partido na provincia, caso de ter militancia sindical, afiliaranse a organizacións que defendan especificamente os dereitos dos/as traballadores/as, e procurarán, na medida das súas posibilidades, actuar nalgún movemento social.

En ambos casos, os militantes procurarán difundir os ideais do Partido nos devanditos colectivos e transmitir aos responsables daquel as inquedanzas que detecten nestes, e porán coidado en que a súa actuación nos mesmos non prexudique aos intereses do Partido.

Artigo 10. Tódolos afiliados e afiliadas coñecerán e respetarán o establecido no Código Ético e de Conduta do PSOE. En tal sentido, o afiliado ou afiliada do partido que incumpra o disposto nos Estatutos Federais ou Nacionais, no Código Ético e de Conduta, as normas que forman o Sistema de Cumplimento Normativo cando lles sexan aplicables, o Regulamento Federal de Desenvolvemento ou e calquera outra norma regulamentaria, que observe mala conduta cívica ou ética, falte ao programa ou aos acordos ou resolucións dos órganos competentes do Partido, expresa públicamente as súas opinións en termos irresponsables ou con deslealtade ao Partido ou aos seus afiliados e afiliadas, cometa actos de indisciplina, inxurie ou calumnie a algunha persoa que pertenza ao partido, ou de calquera outra forma viole as obrigas que a todos os membros do Partido imponen os Estatutos Federais e o resto do marco normativo, será sancionado, previos os trámites reglamentarios e mediante decisión dos órganos competentes, con medidas que poderán chegar ata a expulsión, en aplicación do réxime disciplinario.

TÍTULO II. ESTRUCTURA PROVINCIAL DO PARTIDO

Capítulo I. As Agrupacións Municipais

Artigo 11. A unidade básica de militancia é a Agrupación Municipal. As agrupacións municipais serán responsables directas do cumprimento dos dereitos e obrigas dos/as militantes e de garantir e procura-la súa participación nas tarefas do Partido.

Artigo 12. As Agrupacións Municipais poderán elaborar regulamentos de funcionamento interno, que deberán ser sometidos á ratificación do Comité Provincial. Ningunha norma, resolución ou directriz que adopten os órganos municipais poderá contradicir ás vixentes nos niveis superiores, incluíndo o provincial.

Calquera actuación dos órganos do ámbito municipal contraria ao establecido nas normas ou resolucións federais, nacionais ou provinciais, poderá ser suspendida ou deixada sen efecto pola Comisión Executiva Provincial, remitindo a resolución á primeira reunión que celebre o Comité Nacional.

Artigo 13. A Asemblea municipal é o órgano competente para realizar calquera modificación na Comisión Executiva Municipal, incluíndo cubri-las vacantes que se produzan, a proposta do/a Secretario/a Xeral desta e por maioría simple, agás nos casos previstos no artigo 31 dos Estatutos Nacionais.

Artigo 14. A votación dos orzamentos e plan de traballo anuais da Comisión Executiva Municipal será obrigatoria nas Asembleas nas que corresponda someter a consideración a xestión da mesma. Dito plan se adecuará ás liñas xerais de actuación establecidas polos órganos superiores.

Artigo 15. No caso de que, por non prever a Comisión Executiva Municipal, ao convocar unha Asemblea Municipal ordinaria, que esta chegase a se-la última do ano natural, o cumprimento das previsións recollidas no punto d) do artigo 24, e no punto h) do artigo 30, dos Estatutos Nacionais verificaráse na primeira Asemblea ordinaria que se celebre no ano seguinte.

Artigo 16. Os contidos dos rexistros de actas, entradas e saídas referidos no artigo 22 dos Estatutos Nacionais estarán ao dispor de calquera militante para a súa consulta.

Artigo 17. Se transcorresen máis de quince días dende o fin do prazo de tres meses previsto no artigo 25 dos Estatutos Nacionais sen que fose convocada outra Asemblea de carácter ordinario, calquera militante da Agrupación poderá solicitar da Comisión Executiva Municipal o cumprimento sen máis dilación de dito precepto; e se, en tal caso, a Comisión Executiva Municipal se segue sen facelo transcorrido un mes dende a petición, o/a Secretario/a de Organización da Comisión Executiva Provincial quedará responsabilizado de convocar, canto antes, Asemblea Municipal ordinaria, e informará destas circunstancias á CEP, ao CP, á Comisión Executiva Nacional e ao inicio da Asemblea.

Artigo 18. Como se recolle no artigo 287 do Regulamento Federal de desenvolvemento dos Estatutos Federais, actualmente vixente, toda elección de cargos ou representantes terá lugar sempre mediante votación segreda; e cando se vaia a producir unha elección destas características, o órgano convocante faráo constar na convocatoria enviada aos/ás afiliados/as. O incumprimento da segunda previsión non afecta á primeira obriga.

Artigo 19. Das reunións da Comisión Executiva Municipal levantarase cadansúa acta, que deberá estar asinada polo/a Secretario/a Xeral e o/a Secretario/a de Organización.

Artigo 20. A Comisión Executiva Municipal será a encargada de manter relacións con tódolos grupos sociais do seu municipio.

Capítulo II. As organizacións sectoriais

Artigo 21. Cando unha Organización Sectorial constituída na provincia entre en situación de incumprimento do límite mínimo do 2%, poderá seguir a funcionar alomenos catro meses máis, se tivese un mínimo de cinco afiliados/as adscritos/as; pero de persistir dito estado tras ese prazo, será disolta pola Comisión Executiva Provincial, informando ao Comité Provincial, Comisión Executiva Nacional e Comisións Executivas Municipais da provincia.

Artigo 22. Os regulamentos internos das organizacións sectoriais a nivel provincial, cando existisen, deberán garantir un funcionamento plenamente democrático, e ser aprobados polo Comité Provincial.

Artigo **23**. Malia a súa autonomía, o traballo das organizacións sectoriais a nivel provincial deberá axustarse ás directrices políticas establecidas polos órganos provinciais, nacionais e federais, e ás instrucións de coordinación provincial xeral acordadas pola Comisión Executiva Provincial.

Artigo **24**. As organizacións sectoriais constituídas na provincia terán nos congresos provinciais a representación establecida polos artigos 55 e 56.2. da Normativa Reguladora da Estrutura e Funcionamento Xeneral do Partido, e nos comités provinciais a determinada polo artigo 56.1. dese mesmo Regulamento.

Artigo **25**. Os delegados da provincia de Ourense no Plenario galego da respectiva Organización Sectorial serán elixidos/as conforme ao previsto no terceiro parágrafo do artigo 58 da devandita normativa, pero aplicando o sistema descrito no artigo 5.2.a. dos Estatutos Nacionais para a elección de membros do Comité Provincial polo Congreso Provincial.

TÍTULO III. OS ÓRGANOS PROVINCIAIS

Capítulo I. O Congreso Provincial

Artigo **26**. O Congreso Provincial ordinario será convocado polo Comité Provincial con, polo menos, sesenta días de antelación.

A Comisión Executiva Provincial enviará a tódalas agrupacións municipais da provincia unha proposta da orde do día provisional do Congreso, xunto cadansúas memorias de xestión súa, do Comité Provincial, da Comisión Provincial de Ética, da Comisión Provincial de Control Económico e da Comisión Electoral Provincial, así como os documentos e relatorios aprobados polo Comité Organizador ou órgano designado para seren debatidos no Congreso.

Artigo **27**. As Agrupacións Municipais da provincia elevarán ao Congreso tódalas suxestións á orde do día, proposicións sobre materias de calquera natureza, emendas de calquera tipo e relatorios alternativos, que obteñan un mínimo do vinte por cento de apoio na asemblea a convocar ao efecto. A Comisión Executiva Provincial enviará ás

Agrupacións Municipais e aos/ás delegados/as elixidos/as, dez días antes da data fixada para a súa celebración, unha memoria con tódolos relatorios e coas emendas e propostas recibidas.

Artigo 28. Cando circunstancias especiais o aconsellen, poderá convocarse Congreso Provincial Extraordinario polo Comité Provincial ou pola Comisión Executiva Provincial, órgano este último que tamén procederá a tal convocatoria en caso de vacante do/a Secretario/a Xeral, ou cando o solicite a metade ou máis dos/as afiliados/as da provincia.

Os congresos provinciais extraordinarios serán convocados, alomenos, con un mes de antelación.

Artigo 29. O órgano convocante do Congreso Provincial determinará a data e lugar da súa celebración. Tamén fixará o seu número de delegados/as, que oscilará entre os equivalentes ao seis e ao vinte por cento do censo de afiliados/as na provincia, e a orde do día (provisional nos ordinarios e pechada nos extraordinarios).

Artigo 30. Unha vez convocado o Congreso Provincial, o censo que se terá en conta para a distribución de delegados e para o dereito a sufraxio activo ou pasivo na elección de delegados/as ao Congreso, será o que determinen as normas do partido, actualmente na Disposición Adicional Quinta dos Estatutos Federais do 40^a Congreso.

Artigo 31. O Congreso Provincial Ordinario estará formado por:

- a) As delegacións elixidas nas Asembleas Municipais, que se convocarán ao efecto.
- b) Unha delegación de Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense, con voz, voto e un número de delegados/as determinado en relación ao seu censo, aplicándolle o baremo establecido para o Congreso Provincial como se fose outra Agrupación Municipal, pero cun máximo do cinco por cento, e un mínimo do dous por cento, do total dos/as delegados/as do Congreso.
- c) Unha representación das organizacións sectoriais constituídas a nivel provincial, dacordo co previsto no artigo 24 destes Estatutos.
- d) Unha representación dos colectivos progresistas que manteñan un convenio de colaboración co Partido, se así figura no mesmo, conforme ao artigo 65 destes Estatutos.
- e) Os representantes doutros movementos cidadáns que a CEP considere de interese, poderán participar, con voz pero sen voto, podendo tamén aporta-las súas análises e propostas.

Artigo **32**. Realizaranse mediante voto individual e público dos/as delegados/as: a elección da Mesa do Congreso, as votacións dos respectivos informes de xestión da Comisión Executiva Provincial, Comité Provincial, Comisión Provincial de Ética e Comisión Provincial de Control Económico, e as de tódalas resolucións, dictames e acordos.

Artigo **33**. As enmendas ao relatorio do Congreso non aprobadas nos debates en comisións, pero que obtiveran o voto favorable de máis do vinte por cento do total de membros de cada comisión, serán votadas no pleno do Congreso.

Capítulo II. O Comité Provincial

Artigo **34**. Son membros natos do Comité Provincial, con voz e voto:

- a) A Comisión Executiva Provincial, incluíndo aos/as Coordinadores/as Comarcais
- b) Os/As membros das Comisións Executivas Federal e Nacional que militen na provincia
- c) O/A coordinador/a de cada grupo sectorial constituído a nivel Provincial
- d) Unha representación de Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense, con voz, voto e un número de delegados/as determinado en relación ao seu censo, aplicándolle o baremo establecido para o CP como se fose outra Agrupación Municipal, pero cun máximo do cinco por cento, e un mínimo do dous por cento, do total dos/as delegados/as do CP
- e) O/A Presidente da Deputación Provincial, se ostenta o cargo un/ha socialista, ou o portavoz do Grupo Socialista na mesma, en caso contrario.

Artigo **35**. Son membros natos do Comité Provincial, con voz, pero sen voto:

- a) Os/As membros das Comisións Provinciais de Ética e de Control Económico
- b) O resto dos/as deputados/as provinciais socialistas
- c) Os/As senadores e deputados/as no Parlamento de Galicia, Cortes Xerais e Parlamento Europeo que militen na provincia
- d) Os/As socialistas ourensáns/as que pertencen ao Consello da Xunta ou ao de Ministros
- e) Os/As alcaldes da provincia que formen parte da Comisión Executiva da Federación Galega de Municipios e Provincias
- f) Os/As membros ourensáns/as do Comité Federal
- g) Un representante de cada unha das correntes organizadas de opinión oficialmente constituídas segundo as previsións do artigo 4 dos Estatutos Nacionais

- h) Os/As representantes dos colectivos progresistas asociados ao Partido, segundo os compromisos recollidos no correspondente convenio.

Artigo 36. Son membros electos do Comité Provincial, con voz e voto:

- a) Os elixidos a tal efecto polo último Congreso Provincial, que suporán nun terzo do total dos membros do Comité Provincial.
- b) Os elixidos polas Asembleas Municipais, que se distribuirán entre as Agrupacións Municipais conforme ao baremo vixente, aplicado a cadanseu censo de militantes, e que suporán dous terzos dos membros do Comité Provincial.

Artigo 37. As vacantes nos membros do Comité Provincial elixidos polas Asembleas Municipais serán cubertas polos/as seguintes membros da candidatura na que foran elixidos/as. Este será o único xeito de modifica-los representantes dunha Agrupación Municipal no Comité Provincial, agás que a Asemblea Municipal decida proceder a unha elección conxunta dunha nova delegación, de xeito que se cumpran as esixencias de respecto ás minorías contidas no artigo 57.2 dos Estatutos Nacionais. Para elo, dita elección deberá figurar na orde do día da convocatoria da Asemblea.

Artigo 38. Os/As membros do Comité Provincial están obrigados/as a informar sobre os debates e resolucións adoptadas no mesmo aos órganos que os/as elixiron alomenos unha vez ao ano.

Artigo 39. As ausencias reiteradas e non xustificadas dos/as membros electos do Comité Provincial seranlle comunicadas ao órgano elector, para coñecemento e posible valoración da súa substitución.

Artigo 40. Son competencias do Comité Provincial:

- establece-los baremos que se utilicen para a representación das Agrupacións Municipais no Congreso Provincial e no propio Comité Provincial, que garantirán un mínimo dun delegado a cada Agrupación Municipal. As decisións ao respecto do Comité Provincial deberán ser compatibles co disposto na Disposición Adicional Terceira dos Estatutos Nacionais vixentes.
- a aprobación de todo tipo de normas de ámbito provincial, ademais das previstas no punto b) do artigo 41 dos Estatutos Nacionais, sempre que non entren en contradicción con norma de ámbito superior algunha.

Capítulo III. A Comisión Executiva Provincial

Artigo 41. Os/As coordinadores/as comarcais formarán parte da Comisión Executiva Provincial con voz e voto. A condición de coordinador/a comarcal é compatible con outras funcións dentro da mesma.

Artigo 42. Ademais do previsto no artigo 47 dos Estatutos Nacionais, a Comisión Executiva Provincial, e tódalas candidaturas que se presenten para selo no Congreso Provincial, procurarán estar formadas cun número de membros que resulte operativo, e deberán distribuír entre eles, como mínimo, as áreas de: Organización, Relacións Institucionais, Política Municipal, Acción Electoral, Saúde, Educación, Formación e Igualdade.

Artigo 43. Son funcións do/a Secretario/a Xeral Provincial:

- a) coordina-los traballos da Comisión Executiva Provincial e a política do Partido a nivel provincial, entre reunións dos órganos provinciais
- b) se-lo portavoz da Comisión Executiva Provincial
- c) executa-las directrices e acordos dos órganos provinciais, nacionais e federais
- d) ostenta-la representación provincial do Partido
- e) autorizar coa súa sinatura os documentos políticos, orgánicos e administrativos da Agrupación Provincial.

Artigo 44. A responsabilidade da Comisión Executiva Provincial é colexiada, o que non exime aos seus membros da propia responsabilidade no desempeño das súas funcións.

As deliberacións da CEP son reservadas. Faranse constar na respectiva acta, se os houbese, os votos particulares sobre as decisións adoptadas.

Artigo 45. As vacantes que se produzan na Comisión Executiva Provincial que non afecten á Secretaría Xeral ou á metade máis un dos seus membros, poderán ser cubertas polo Comité Provincial, a proposta do Sº Xeral daquela, e por maioría simple deste. Cos mesmos condicionantes, o Comité Provincial poderá incorporar a novos membros na Comisión Executiva Provincial ou reorganiza-las súas áreas de traballo. En todos estes casos, o cambio debe figurar na orde do día da convocatoria do Comité Provincial. As destitucións de membros da Comisión Executiva Provincial distintos do/a Secretario/a Xeral, deberán ser propostas por, alomenos, un terzo dos membros do Comité Provincial, figurar na súa orde do día e ser aprobadas pola maioría absoluta dos membros do Comité Provincial con dereito a voto.

Artigo 46. Son competencias da Comisión Executiva Provincial:

- a) designar, baixo a súa exclusiva responsabilidade, dentro do seu ámbito de competencia, e de xeito inmediatamente reversíbel, a Delegados/as coa encomenda de executar certas tarefas puntuais, que poderán realizar en nome da Comisión Executiva Provincial, pero sen que cheguen a ter nunca a consideración de órganos uninominais do Partido
- b) aplicar cantos mecanismos sexan necesarios garantir un funcionamento coordinado de tódalas instancias do Partido na provincia
- c) planificar e realizar todo tipo de actos e actividades políticas
- d) o impulso, co apoio das respectivas Agrupacións Comarcais, á fundación de novas Agrupacións Municipais nos concellos onde non existisen. A Comisión Executiva Provincial informará ao Comité Nacional dos casos nos que, cumpríndose os requisitos do artigo 21 dos Estatutos Nacionais durante máis de oito meses, a Comisión Executiva Nacional non procedese á constitución da nova Agrupación Municipal.
- e) a convocatoria de consultas á militancia en termos análogos aos do artigo 79 dos Estatutos Nacionais, previa autorización da Comisión Executiva Nacional
- f) se o estima convinte, usa-la posibilidade aberta no punto 2 do artigo 46 dos Estatutos Nacionais, determinando ou modificando, a proposta do seu Secretario Xeral, aqueles dos seus membros que formarían parte dunha comisión permanente, que en ningún caso substituiría ao Pleno da CEP nas competencias propias da mesma.

Capítulo IV. A Comisión Provincial de Ética

Artigo **47**. A Comisión Provincial de Ética é o órgano encargado de facer seguimento da vida orgánica e institucional do Partido, para detectar, coa máxima antelación, comportamentos que poidan contravi-lo disposto nas normas do mesmo, así como outros que, sen chegar a elo, poidan ser causa de dano á imaxe de exemplaridade ética dos socialistas, en ambos casos informando aos órganos competentes do Partido. Tamén exercerá aqueloutras competencias establecidas polas normas superiores do Partido.

A configuración que as normas nacionais do Partido fagan para a Comisión Nacional de Ética, será aplicable á Comisión Provincial de Ética naquilo que sexa compatible co que dispoñen para esta última os presentes Estatutos e a normativa provincial aplicable.

Artigo **48**. O Congreso Provincial elixirá, mediante o sistema de listas abertas, á Comisión

Provincial de Ética, que estará constituída por cinco membros e contará cun/ha Presidente/a e un/ha Secretario/a.

Artigo 49. A Comisión Provincial de Ética responde unicamente diante do Congreso Provincial, pero emitirá informes ao Comité Provincial cando este llos solicite.

Artigo 50. A condición de membro da Comisión Provincial de Ética é incompatible coa condición de empregado/a do Partido e coa pertenza aos seus seguintes órganos: Comisión Executiva Provincial, Comisión Executiva Nacional, Comisión Nacional de Ética, e Comisión Federal de Ética y Garantías.

Capítulo V. A Comisión Provincial de Control Económico

Artigo 51. A Comisión Provincial de Control Económico é o órgano encargado de verificala a administración dos medios económicos do PSdeG-PSOE de Ourense, controlando que o seu uso se adecúe aos principios do Partido e ás resolucións dos seus órganos de dirección, así como de supervisa-la súa contabilidade. Tamén exercerá aquelas outras competencias establecidas polas normas superiores do Partido.

A configuración que as normas nacionais do Partido fagan para a Comisión Nacional de Control Económico, será aplicable á Comisión Provincial de Control Económico naquilo que sexa compatible co que dispoñen para esta última os presentes Estatutos e a normativa provincial aplicable.

Artigo 52. A aprobación da xestión económica dos bens e dereitos da Agrupación Provincial o PSdeG-PSOE de Ourense corresponde ao Congreso Provincial e, subsidiariamente, ao CP. A natureza fidedigna dos informes e cifras que a Comisión Executiva Provincial presente neses órganos quedará garantida pola Comisión Provincial de Control Económico.

Para o cumprimento da súa devandita misión, poderá revisar semestral ou anualmente as contas da tesourería do PSdeG-PSOE de Ourense.

Artigo 53. O Congreso Provincial elixirá, mediante o sistema de listas abertas, á Comisión Provincial de Control Económico, que estará constituída por cinco membros e contará cun/ha Presidente/a e un/ha Secretario/a.

Artigo **54.** A Comisión Provincial de Control Económico responde unicamente diante do Congreso Provincial, pero terá que emitir informes ao CP cando este llos solicite e, como mínimo, unha vez ao ano, cara ao peche do correspondente exercicio económico.

A Comisión Provincial de Control Económico tamén poderá emitir, a petición da CEP, outros informes e dictames sobre a actividade económica do PSdeG-PSOE de Ourense.

Artigo **55.** A condición de membro da Comisión Provincial de Control Económico é incompatible coa condición de empregado/a do Partido e coa pertenza aos seus seguintes órganos: Comisión Executiva Provincial, Comisión Executiva Nacional, e Comisión Nacional de Control Económico.

Capítulo VI. A Comisión Electoral Provincial

Artigo **56.** A Comisión Electoral Provincial exercerá as súas funcións na selección de candidatos/as aos distintos procesos electorais externos e internos, conforme ao disposto na Normativa reguladora dos Cargos Públicos e demais normativa aplicable, e terá as seguintes competencias:

- a) comproba-lo cumprimento dos requisitos necesarios para a validez das propostas de candidaturas
- b) proclamar aos/ás candidatos e candidatas que cumpran os requisitos previstos
- c) emitir un dictame previo á aprobación por parte do Comité Nacional das candidaturas nos diferentes procesos electorais, cando así estea previsto na Normativa do Partido
- d) recompila-las actas das mesas electorais e, unha vez terminada a votación, facelo reconto das mesmas, trasladando o resultado ao órgano competente, e emitindo os correspondentes dictames e informes
- e) resolver, en primeira instancia, recursos sobre os procesos electorais internos
- f) as outorgadas polas distintas normas nacionais e federais ás comisións provinciais “de Listas” e “de Garantías Electorais”, das que a Comisión Electoral Provincial se constitúe en correspondente e equivalente.

Artigo **57.** A Comisión Electoral Provincial estará formada por un membro designado pola Comisión Executiva Provincial, e catro elixidos/as mediante o sistema de listas abertas, na primeira reunión do CP que se celebre despois dun Congreso Provincial ordinario. Estará vixente ata a celebración do seguinte Congreso Provincial ordinario.

Artigo **58.** Os/as membros da Comisión Electoral Provincial elixirán entre eles/as a un/unha Presidente/a e un/unha Secretario/a.

A condición de membro da Comisión Electoral Provincial é incompatible coa pertenza aos seguintes órganos: CEP, Comisión Executiva Nacional, Comisión Executiva Federal, Comisión Nacional de Garantías Electorais, Comisión Nacional de Listas e Comisión Federal de Listas.

Artigo **59.** Para a realización do seu traballo, a Comisión Electoral Provincial:

- a) disporá dos datos necesarios sobre a traxectoria persoal, política e profesional dos/as candidatos para unha adecuada valoración dos seus méritos
- b) contará coa información oportuna sobre as necesidades de distribución do traballo en distintas áreas e demais condicionantes a ter en conta na composición dos futuros Grupos institucionais socialistas

TÍTULO IV. OUTROS PARTÍCIPIES NO FUNCIONAMENTO DO PARTIDO

Capítulo I. Xuventudes Socialistas

Artigo **60.** Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense ten autonomía nas súas organizacións de base, se ben as súas resolucións poderán ser obxecto de referendo pola CEP do Partido, para que non incorran en contradicións cos estratexias globais adoptadas polo PSdeG-PSOE.

Artigo **61.** Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense terá a tarefa, conxuntamente co PSdeG-PSOE de Ourense, da elaboración da política socialista para a mocidade da provincia, incluíndo a avaliación das súas necesidades e as respostas a darmos dentro e fóra das institucións. A tal efecto, cando, a xuízo de calquera das partes, dito proceso así o aconselle, crease unha Comisión de Xuventude formada polo mesmo número de membros de ambas organizacións, a nivel provincial ou municipal. Tamén en ámbolos dous niveis:

- a) o Partido colaborará de forma regular, económica e politicamente, con Xuventudes Socialistas, e a tal fin incorporará unha partida nos seus orzamentos
- b) Xuventudes Socialistas poderá utiliza-los medios dos que dispoña o Partido,

previa autorización da Executiva responsable dos mesmos.

Artigo **62**. Os/As representantes de Xuventudes Socialistas nos órganos do Partido de niveis territoriais provincial e inferiores, serán designados pola organización xuvenil consonte á súa propia normativa, cumprindo a condición de que na elección non poderán participar afiliados en Agrupacións de Xuventudes de fóra da nosa provincia.

A participación con voto de representantes de Xuventudes Socialistas nas reunións de órganos de carácter executivo non implica a súa consideración nominal como membros do mesmo a efectos orgánicos.

Artigo **63**. O artigo 112 dos Estatutos Nacionais será de aplicación á previsión do punto d) do artigo 40.1 de ditos Estatutos.

Capítulo II. Colectivos progresistas

Artigo **64**. No marco do establecido no artigo 13 dos Estatutos Nacionais, tódolos órganos do PSdeG-PSOE de Ourense favorecerán, en cadanseus niveis de actuación, a participación dos/as cidadáns na actividade do Partido, facilitando que as suxestións e propostas da cidadanía de interese xeral sexan escoitadas e, no seu caso, postas en práctica ou incorporadas ás resolucións políticas do Partido no ámbito que corresponda.

Artigo **65**. O PSdeG-PSOE de Ourense, poderá establecer acordos de colaboración cos distintos tipos de grupos sociais existentes na provincia, sempre que, nin nos seus estatutos nin nos seus fins, existan contradicións cos principios ideolóxicos e resolucións dos Congresos do Partido.

Dita colaboración formalizarase mediante convenio subscrito coa Comisión Executiva Provincial, no que se especificarán os deberes e dereitos das entidades colaboradoras, entre os que poderá estar o de participar sen dereito a sufraxio no Congreso Provincial ou Comité Provincial. O Comité Provincial votará o acordo de colaboración na súa primeira xuntanza ordinaria que celebre trala subscrición do mesmo, en decisión vinculante pero apelable ante o Comité Nacional. Dos convenios formalizados remitirase copia á Comisión Executiva Nacional.

Capítulo III. Os cargos públicos do Partido

Artigo **66**. Existirá unha Oficina Parlamentaria de Relacións coa Sociedade, formada por parlamentarios/as europeos/as, nacionais, autonómicos/as e deputados/as provinciais, coordinados/as polo/a Secretario/a de Relacións Institucionais da Comisión Executiva Provincial, e que terá entre os seus obxectivos a potenciación do diálogo, e conexión dos/as seus/súas membros, coa cidadanía

Artigo **67**. Tódolos/as parlamentarios/as e cargos institucionais socialistas na Administración, en cargo electivos ou de designación, en calquera institución ou organismo público, con residencia en calquera lugar, que militen en Agrupacións Municipais da Provincia, están obrigados a:

- a) dar conta anualmente da súa xestión ao Comité Provincial e, permanentemente, á Comisión Executiva Provincial e Comisión Executiva Nacional
- b) cando llelo sexa requirido, informar sobre cuestións relacionadas coa súa laboura ás coordinadoras comarcais e órganos municipais que cursen solicitudes ao respecto a través da Comisión Executiva Provincial
- c) acata-los acordos dos órganos da Agrupación Provincial que non contraveñan as normas ou directrices dos niveis superiores do Partido
- d) cumprir diligentemente a obriga recollida nos artigos 62 e 63 dos Estatutos Federais, así como as demais disposicións das normativas federal e nacional que lles sexan de aplicación específica.

Capítulo IV. Os Grupos institucionais

Artigo **68**. Os/s candidatos/as socialistas elixidos/as membros das corporacións municipais e Deputación Provincial, constituirán os respectivos Grupos Socialistas en cada institución.

A capacidade referida no artigo 105.2 dos Estatutos Nacionais quedará delimitada por calquera plan de actuación ou mandato oficial, recibido dos órganos executivos do Partido do mesmo ou superiores niveis territoriais.

Os Grupos Socialistas nas institucións axustarán os seus orzamentos e gastos, dentro do previsto pola lexislación correspondente, ás directrices que poida aprobar ao respecto o Comité Provincial, cuxa aplicación a cada caso concreto será competencia da Comisión Executiva Provincial.

Artigo **69**. Os/As membros dos devanditos membros dos Grupos institucionais Socialistas, as persoas nomeadas a proposta do PSdeG-PSOE para outros cargos públicos a nivel municipal ou provincial, e tódolos cargos públicos que militen nalgunha Agrupación Municipal da provincia, virán obrigados a:

- a) non soste outra postura pública que a da defensa dos postulados oficiais do Partido
- b) acepta-lo compromiso de presenta-la súa dimisión, se unha vez elixidos/as, causasen baixa no Partido por calquera circunstancia
- c) ingresar mensualmente á Executiva correspondente, os importes que regulamentariamente se fixen.

TÍTULO V. A ADMINISTRACIÓN ECONÓMICA DA AGRUPACIÓN PROVINCIAL

Artigo **70**. A CEP, dacordo coa Comisión Executiva Nacional, encargarse de outorgar cantos poderes sexan precisos para o correcto funcionamento e xestión da administración e finanzas do Partido na provincia. En ditos poderes haberán de sinalarse as facultades que se outorguen.

Artigo **71**. É competencia da CEP elaborar e aproba-lo proxecto de orzamento anual da Agrupación Provincial, que será sometido á consideración do CP para a súa aprobación definitiva.

Os orzamentos correspondentes a procesos electorais externos serán aprobados pola Comisión Executiva Provincial, respectando a competencia outorgada á Comisión Executiva Nacional no segundo parágrafo do artigo 101 dos Estatutos Nacionais.

Artigo **72**. De xeito coordinado coa Comisión Executiva Nacional, a Comisión Executiva Provincial poderá propoñer ao Comité Provincial, a aprobación de:

- a) unha cota especial para os cargos públicos ou asimilados da provincia, sen prexuízo do previsto no artigo 101.3 dos Estatutos Nacionais
- b) outras cotas extraordinarias ou complementarias
- c) as normas que conteñan os mecanismos de aplicación e actualización automática dos cobros de cotas a nivel provincial.

Artigo **73**. Tamén serán de aplicación para os órganos provinciais do PSdeG-PSOE,

directamente ou por analoxía, as previsións en materia de poderes, patrimonio, financiamento, gasto e contabilidade do Partido contidas nas normas federais e nacionais, en especial no Capítulo IV dos Estatutos Nacionais.

TÍTULO VI. PRECEPTOS ADICIONAIS

Artigo 74. Só os/as militantes poderán ocupar cargos orgánicos, incluídos os de coordinación comarcal.

Artigo 75. O PSdeG-PSOE de Ourense poderá, celebrar, entre Congresos, Conferencias para abordar cuestións políticas e sectoriais de especial relevancia, nas que participarán, con voz e voto, representantes das agrupacións municipais e organizacións sectoriais da Agrupación Provincial.

O órgano convocante das Conferencias será o Comité Provincial, a iniciativa propia ou a proposta da Comisión Executiva Provincial, oída a Comisión Executiva Nacional. Na convocatoria determinarase o número de participantes, a súa distribución territorial e os seus obxectivos. A normativa aplicable para o desenvolvemento das Conferencias estará determinada na súa propia convocatoria e, de xeito supletorio, polo establecido no Regulamento e demais normas federais e nacionais.

Artigo 76. Na posibilidade aludida no artigo 97.2 dos Estatutos Nacionais de que un militante poida desempeñar máis dun cargo orgánico executivo se un deles consistise en formar parte dunha CEM, ningún militante poderá ocupar, en ningún caso, máis de dous cargos orgánicos.

A Comisión Executiva Provincial advertirá aos/ás militantes do PSdeG-PSOE de Ourense que incumpran o previsto no artigo 97 e, caso de persisti-lo incumprimento, porá o feito en coñecemento da Comisión Executiva Nacional.

A CEP tamén procurará a aplicación do principio contido no artigo 97 dos Estatutos Nacionais nos casos en que, sen se producir un incumprimento dos preceptos citados no parágrafo anterior, un/ha mesmo militante acumule prolongadamente o número máximo de responsabilidades orgánicas e institucionais admitidas por ditos preceptos.

Artigo **77**. Os xornais, revistas, espazos en Internet, e outros medios de comunicación social, a nivel provincial ou inferior, que sexan propiedade do Partido, ficarán baixo a dirección da Comisión Executiva Provincial, que actuará de xeito coordinado coa Comisión Executiva Nacional, titular segundo o artigo 83.4 dos Estatutos Nacionais.

É competencia da Comisión Executiva Provincial o impulso e coordinación da presenza do Partido nos distintos tipos de Medios de Comunicación social, e escenarios de comunicación dixital, de interese provincial, así como a coordinación desta materia nos de ámbito local e municipal.

Artigo **78**. Respecto á existencia de correntes organizadas de opinión, aplicarase o previsto no artigo 4 dos Estatutos Nacionais.

Artigo **79**. Para modifica-los presentes Estatutos será necesaria a celebración de Congreso Provincial.

Artigo **80**. En todo o non disposto nestes Estatutos, estarase ó establecido nos Estatutos Nacionais e Federais, así como nas restantes normas e regulamentos vixentes neses ámbitos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira

As Agrupacións Comarcais articularanse conforme ás seguintes normas, namentres non se complete o desenvolvemento do previsto nos artigos 34 e 35 dos Estatutos Nacionais e, despois delo, naquilo que sexa compatible entre ambas disposicións:

- a) Os/as Coordinadores/as Comarcais serán os/as membros da CEP que ostenten tal función, nominalmente para cadansúa comarca, na que deberán estar afiliados/as. Xa que logo, cando os que ocupen esta responsabilidade pasen a ser determinados pola vía que prevea o devandito desenvolvemento dos Estatutos Nacionais, os primeiros seguirán sendo membros da CEP, con voz e voto, pero perdendo a función de coordinadores comarcais, e, entremetres, as posibles

substitucións de Coordinadores/as Comarcais realizaranse, no seu caso, dos xeitos que prevé o artigo 45 destes Estatutos.

- b) En cada comarca existirá cadansúa Coordinadora Comarcal, presidida polo Coordinador Comarcal e da que tamén formarán parte os/as Secretarios/as Xerais das Agrupacións Municipais, os alcaldes e voceiros municipais socialistas, e mais un representante de Xuventudes Socialistas.
- c) O Coordinador/a Comarcal coordinará o funcionamento da estrutura comarcal co da provincial e cos das respectivas Agrupacións Municipais, e manterá á CEP informada da actividade do Partido na comarca, e viceversa.

Segunda

As referencias feitas nestes Estatutos a eleccións de representantes mediante o sistema de listas abertas, non serán de aplicación en procesos de elección orixinados antes do 1 de setembro do 2018, nos que se usará o mesmo sistema que o artigo 5.2.a. dos Estatutos Nacionais describe para a elección de membros do CP polo Congreso Provincial.

Terceira

Os presentes Estatutos serán sometidos á consideración do Comité Nacional para a súa ratificación, ficando autorizado o Comité Provincial para introducir nos mesmos as modificacións que o Comité Nacional ordene por consideralas necesarias para evitar contradicións con normas superiores do Partido, vixentes á aprobación daqueles ou aprobadas dende entón.

Cuarta

As referencias feitas nestes Estatutos a preceptos do Estatutos Nacionais do PsdeG-PSOE, teranse por efectuadas, *mutatis mutandis*, aos preceptos concordantes dos novos Estatutos Nacionais resultantes do 14 Congreso Nacional cando entren en vigor con carácter definitivo.



ESTATUTOS PROVINCIAIS IV CONGRESO

IV CONGRESO PROVINCIAL

PSdeG-PSOE OURENSE

26-27 DE FEBREIRO



DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira

A presente redacción destes Estatutos entrará en vigor no mesmo intre da súa aprobación polo Congreso Provincial.

Segunda

Quedan e quedarán derogadas, sexan pasadas ou futuras, tódalas normas de ámbito provincial, comarcal, municipal ou de distrito, que se opoñan ao disposto nestes Estatutos ou a calquera norma validamente aprobada polos órganos da Agrupación Provincial.



Memoria de modificaciones

MEMORIA DE MODIFICACIÓNS DOS ESTATUTOS

MODIFICACIÓN NÚM. 1	
Precepto que se modifica	Artigo 2
Tipo de modificación	De engádegas
Motivo da modificación	Actualización marco ideolóxico
Texto antigo	-----
Texto que se propón	“feminista”

MODIFICACIÓN NÚM. 2	
Precepto que se modifica	Artigo 10
Tipo de modificación	De substitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	Artigo 10. O/A afiliado/a que observe mala conducta cívica ou ética, falte ao programa ou aos acordos ou resolucións do Partido, exprese publicamente as súas opinións en termos irresponsables ou con deslealdade ao Partido ou aos/ás seus/súas afiliados/as, cometa actos de indisciplina, inxurie ou calumnie a algunha persoa afiliada, pretenda obter algún trato de favor respecto ao resto dos/as cidadáns/ás en consideración á súa militancia, ou de calquera outro xeito, incluídas, entre outras, as vías presencial, impresa e cibernética, viole as obrigas que a tódolos/as afiliados/as impoñen as normas do Partido, será sancionado, previos os trámites previstos nestas e mediante decisión dos órganos competentes, con medidas que poderán chegar ata a expulsión.
Texto que se propón	Artigo 10. Tódolos afiliados e afiliadas coñecerán e respetarán o establecido no Código Ético e de Conduta do PSOE. En tal

	sentido, o afiliado ou afiliada do partido que incumpla o disposto nos Estatutos Federias ou Nacionais, no Código Ético e de Conducta, as normas que forman o Sistema de Cumplimento Normativo cando lles sexan aplicables, o Regulamento Federal de Desenvolvemento ou e calquera outra norma regulamentaria, que observe mala conducta cívica ou ética, falte ao programa ou aos acordos ou resolucións dos órganos competentes do Partido, expresa públicamente as súas opinións en termos irresponsables ou con deslealtade ao Partido ou aos seus afiliados e afiliadas, cometa actos de indisciplina, inxurie ou calumnie a algunha persoa que pertenza ao partido, ou de calquera outra forma viole as obrigas que a todos os membros do Partido impoñen os Estatutos Federais e o resto do marco normativo, será sancionado, previos os trámites reglamentarios e mediante decisión dos órganos competentes, con medidas que poderán chegar ata a expulsión, en aplicación do réxime disciplinario.
--	--

MODIFICACIÓN NÚM. 3	
Precepto que se modifica	Artigo 18
Tipo de modificación	De substitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	“Como se recolle no artigo 54 do Regulamento Federal de Asambleas vixente”
Texto que se propón	“Como se recolle no artigo 287 do Regulamento Federal de desenvolvemento

	dos Estatutos Federais, actualmente vixente,"
--	---

MODIFICACIÓN NÚM. 3. bis	
Precepto que se modifica	Artigo 21
Tipo de modificación	De sustitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	"Cando unha Organización Sectorial constituída na provincia entre en situación de incumprimento do límite mínimo previsto no artigo 57 dos Estatutos Nacionais,"
Texto que se propón	"Cando unha Organización Sectorial constituída na provincia entre en situación de incumprimento do límite mínimo do 2%"

MODIFICACIÓN NÚM. 4	
Precepto que se modifica	Artigo 26
Tipo de modificación	De sustitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	"CP"
Texto que se propón	""Comité Organizador ou órgano designado"

MODIFICACIÓN NÚM. 5	
Precepto que se modifica	Artigo 27
Tipo de modificación	De sustitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	"quinze días"
Texto que se propón	"dez días"

MODIFICACIÓN NÚM. 6	
Precepto que se modifica	Artigo 30
Tipo de modificación	De sustitución

Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	“Unha vez convocado o Congreso Provincial, os/as militantes que se dean de alta nas agrupacións municipais non computarán para a distribución de delegados/as entre as mesmas, nin terán dereito a sufraxio activo ou pasivo na elección de delegados/as ao Congreso.”
Texto que se propón	“Unha vez convocado o Congreso Provincial, o censo que se terá en conta para a distribución de delegados e para o dereito a sufraxio activo ou pasivo na elección de delegados/as ao Congreso, será o que determinen as normas do partido, actualmente na Disposición Adicional Quinta dos Estatutos Federais do 40ª Congreso”

MODIFICACIÓN NÚM. 7	
Precepto que se modifica	Artigo 36
Tipo de modificación	De substitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	Artigo 36. Son membros electos do Comité Provincial, con voz e voto: a) Os elixidos a tal efecto polo último Congreso Provincial, que suporán nun terzo do total dos membros do Comité Provincial. b) Os elixidos polas Asembleas Municipais, que se distribuirán entre as Agrupacións Municipais conforme ao baremo vixente, aplicado a cadanseu censo de militantes. c) Os elixidos mediante voto directo dos/as militantes, conforme ao previsto 5.2.a dos Estatutos

	Nacionais.
Texto que se propón	Artigo 36. Son membros electos do Comité Provincial, con voz e voto: d) Os elixidos a tal efecto polo último Congreso Provincial, que suporán nun terzo do total dos membros do Comité Provincial. e) Os elixidos polas Asembleas Municipais, que se distribuirán entre as Agrupacións Municipais conforme ao baremo vixente, aplicado a cadanseu censo de militantes, e que suporán dous terzos dos membros do Comité Provincial.

MODIFICACIÓN NÚM. 8	
Precepto que se modifica	Artigo 67.d
Tipo de modificación	De substitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	"no artigo 65"
Texto que se propón	"nos artigos 62 e 63"

MODIFICACIÓN NÚM. 9	
Precepto que se modifica	Artigo 75
Tipo de modificación	De substitución
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	"de congresos"
Texto que se propón	"e demais normas federais e nacionais"

MODIFICACIÓN NÚM. 10

Precepto que se modifica	Artigo 75
Tipo de modificación	De supresión
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	Suprímese a mención ao artigo 122 dos Estatutos Nacionais, toda vez que foi eliminada dos mesmos
Texto que se propón	-----

MODIFICACIÓN NÚM. 11	
Precepto que se modifica	Disposición transitoria cuarta
Tipo de modificación	De engádegas
Motivo da modificación	Adecuación normativa vixente
Texto antigo	-----
Texto que se propón	Disposición transitoria cuarta As referencias feitas nestes Estatutos a preceptos do Estatutos Nacionais do PsdeG-PSOE, teranse por efectuadas, <i>mutatis mutandis</i>, aos preceptos concordantes dos novos Estatutos Nacionais resultantes do 14 Congreso Nacional cando entren en vigor con carácter definitivo.

MODIFICACIÓN NÚM. 12		
Precepto que se modifica	Varios según Táboa de equivalencias	
Tipo de modificación	De modificación	
Artigo que se modifica nos Estatutos Provinciais	Equivalencias Estatutos Nacionais	
	Antiga (13 Congreso)	Actual (14 Congreso)
37	70.2	57.2
40	43	41
42	49	47
46.e)	94	79
46.f)	48.2	46.2
63	132	112
60	42.1	40.1
68	125.2	105.2
72	121.3	101.3



ESTATUTOS PROVINCIAIS IV CONGRESO

IV CONGRESO PROVINCIAL
PSdeG-PSOE OURENSE
26-27 DE FEBREIRO



73	Título VIII	Capítulo IV
76	112.2	97.2
76	112	97
77	98.4	83.4



Memoria de Emendas Estatutos

Emenda	Parágrafo	Tipo	Orixe	Texto
1	Art. 60	Substitución	XS	As XSG conforman, a través das Agrupacións Locais constituídas na provincia de Ourense, a Organización Xuvenil do PSdeG-PSOE na provincia e, en consecuencia, tanto os seus órganos de dirección como os/as seus/súas militantes están obrigados/as a aceptar e cumprir as resolucións e acordos adoptados polo PSdeG-PSOE de Ourense no Congreso Provincial, no Comité Provincial e da Comisión Executiva Provincial.
2	Art. 61	Substitución	XS	As Comisións Executivas Municipais da provincia, impulsarán a incorporación ás XSG dos afiliados e afiliadas menores de 30 anos, e impulsarán a creación de Agrupacións Municipais de XSG na provincia. O PSdeG-PSOE da provincia de Ourense debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudantís afíns ao partido na provincia de Ourense, en especial, aquelas ligadas ás XSG.
3	Art. 62	Substitución	XS	As XSG terán representación con voz e voto nos órganos executivos da provincia por medio do coordinadora ou coordinador das XSG na provincia. Os militantes das XSG na provincia poderán asistir ás Asembleas das Agrupacións Municipais nas que militen en XSG, con voz pero sen voto.
4	Art. 63	Substitución	XS	A participación, con voz e voto, das XSG nos Congresos e Conferencias do PSdeG-PSOE de Ourense determinarase en base ao seu censo regularizado na provincia de Ourense segundo o procedemento establecido para o censo do Partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do Partido, nos termos previstos nos Estatutos Nacionais.
5	Art. 64	Substitución	XS	As secretarías de Organización do PSOE e das JSE emitirán a oportuna certificación do ámbito provincial. En todo caso, a representación das XSG será, como mínimo do 2% e como máximo do 5% dos representantes en ditos Congresos ou Conferencias.
6	Art. 65	Substitución	XS	Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense terá a tarefa, conxuntamente co PSdeG-PSOE de Ourense, da elaboración da política socialista para a mocidade da provincia, incluíndo a avaliación das súas necesidades e as respostas a darmos dentro e

				fóra das institucións. A tal efecto, cando, a xuízo de calquera das partes, dito proceso así o aconselle, crease unha Comisión de Xuventude formada polo mesmo número de membros de ambas organizacións, a nivel provincial ou municipal. Tamén en ámbolos dous niveis: a) o Partido colaborará de forma regular, económica e politicamente, con Xuventudes Socialistas, e a tal fin incorporará unha partida nos seus orzamentos b) Xuventudes Socialistas poderá utiliza-los medios dos que dispoña o Partido, previa autorización da Executiva responsable dos mesmos, así como un acceso libre ás sedes cunha previa asunción de responsabilidade de posesión da chave.
7	Art. 60	Supresión	XS	Dende Os/As representantes de Xuventudes Socialistas nos órganos do...na liña Ata..... nominal como membros do mesmo a efectos orgánicos
8	Art. 63	Supresión	XS	DendeTodo o parágrafo do artigo..... na liña Ata.....artigo 63.....na liña....
9	Art. 60	Supresión	XS	As XSG conforman, a través das Agrupacións Locais constituídas na provincia de Ourense, a Organización Xuvenil do PSdeG-PSOE na provincia e, en consecuencia, tanto os seus órganos de dirección como os/as seus/súas militantes están obrigados/as a aceptar e cumprir as resolucións e acordos adoptados polo PSdeG-PSOE de Ourense no Congreso Provincial, no Comité Provincial e da Comisión Executiva Provincial. As Comisións Executivas Municipais da provincia, impulsarán a incorporación ás XSG dos afiliados e afiliadas menores de 30 anos, e impulsarán a creación de Agrupacións Municipais de XSG na provincia. O PSdeG-PSOE da provincia de Ourense debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudantís afíns ao partido na provincia de Ourense, en especial, aquelas ligadas ás XSG.
10	Art. 61.	Adición	XS	así como un acceso libre ás sedes cunha previa asunción de responsabilidade de posesión da chave.
11	Art. 62	Substitución	XS	As XSG terán representación con voz e voto nos órganos executivos da provincia por medio do coordinadora ou coordinador das XSG na provincia. Os militantes das XSG na provincia poderán asistir ás Asembleas das Agrupacións Municipais nas que

				militen en XSG, con voz pero sen voto. A participación, con voz e voto, das XSG nos Congresos e Conferencias do PSdeG-PSOE de Ourense determinarase en base ao seu censo regularizado na provincia de Ourense segundo o procedemento establecido para o censo do Partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do Partido, nos termos previstos nos Estatutos Nacionais. As secretarías de Organización do PSOE e das JSE emitirán a oportuna certificación do ámbito provincial. En todo caso, a representación das XSG será, como mínimo do 2% e como máximo do 5% dos representantes en ditos Congresos ou Conferencias.
12	D.T. 1ª	Adición	Petín	d) Mentres non se desenvolva nos Estatutos Nacionais o proceso de elección dos/as Coordinadores/as Comarcais, estes/as serán elixidos/as polos membros da agrupación comarcal que forman parte da mesma, e que se especifican no apartado b) desta DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

Consideracións iniciais

Case tódalas emendas presentadas fan referencia á regulación do Capítulo relativo ao réxime xurídico de Xuventudes Socialistas, e tan so unha a unha Disposición adicional que se debaterá ao final.

Entre as emendas presentadas relativas a Xuventudes socialistas existe confluencia de emendas sobre un mesmo precepto, inclusive nalguns aspectos contradictorias entre sí, posto que se propoñen modificacións e reenumeracións de texto así como incorporación de contido idéntico en diferentes preceptos.

Polo tanto, no debate sobre a oportunidade de aceptar ou non as emendas plantéxase e a necesidade de tramitar de forma acumulada algunhas emendas, para facer o debate moito máis lixeiro.

O sistema proposto para afrontar esta Comisión coas debidas garantías é o seguinte:

En primeiro lugar procederase á lectura da Votación e número. De seguido o precepto que se emenda e as emendas que afectan ao mesmo. A continuación aportarase o criterio do Comité encargado da elaboración da Ponencia e da modificación dos Estatutos e por último farase a proposta que se someterá a votación.

Se alguén quere facer unha intervención ou deliberación que pida turno de palabra antes da votación.

VOTACIÓN NÚM. 1

Presentadas 3 emendas sobre o mesmo precepto dos Estatutos Provinciais procede acumular a súa tramitación por razóns de eficiencia e economía.

PRECEPTO QUE SE EMENDA

Artigo 60. Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense ten autonomía nas súas organizacións de base, se ben as súas resolucións poderán ser obxecto de referendo pola CEP do Partido, para que non incorran en contradicións cos estratexias globais adoptadas polo PSdeG-PSOE.

EMENDAS QUE SE PRESENTAN

Emenda	Parágrafo	Tipo	Orixe	Texto
1	Art. 60	Substitución	XS	As XSG conforman, a través das Agrupacións Locais constituídas na provincia de Ourense, a Organización Xuvenil do PSdeG-PSOE na provincia e, en consecuencia, tanto os seus órganos de dirección como os/as seus/súas militantes están obrigados/as a aceptar e cumprir as resolucións e acordos adoptados polo PSdeG-PSOE de Ourense no Congreso Provincial, no Comité Provincial e da Comisión Executiva Provincial.
7	Art. 60	Supresión	XS	Dende Os/As representantes de Xuventudes Socialistas nos órganos do...na liña Ata..... nominal como membros do mesmo a efectos orgánicos
9	Art. 60	Supresión	XS	As XSG conforman, a través das Agrupacións Locais constituídas na provincia de Ourense, a Organización Xuvenil do PSdeG-PSOE na provincia e, en consecuencia, tanto os seus órganos de dirección como os/as seus/súas militantes están obrigados/as a aceptar e cumprir as resolucións e acordos adoptados polo PSdeG-PSOE de Ourense no Congreso Provincial, no Comité Provincial e da Comisión Executiva Provincial. As Comisións Executivas Municipais da provincia, impulsarán a incorporación ás XSG dos afiliados e afiliadas menores de 30 anos, e impulsarán a creación de Agrupacións Municipais de XSG na provincia. O PSdeG-PSOE da provincia de Ourense debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudiantís afíns ao partido na provincia de Ourense,

				en especial, aquelas ligadas ás XSG.
--	--	--	--	--------------------------------------

CRITERIO DO COMITÉ ENCARGADO DA ELABORACIÓN DA PONENCIA

A natureza xurídica da Xuventudes Socialistas (ou Juventudes Socialistas) e o seu encaixe na estrutura do partido, ven definida nos artigos 75 dos Estatutos Federais e 107 dos Estatutos Nacionais, sen que poida ser modificada polos Estatutos Provinciais, de rango inferior e cuxa finalidade é, en exclusiva, adaptar as particularidades orgánicas que poidan existir.

As Xuventudes Socialistas de Galicia constitúen unha organización regulada e incorporada nos Estatutos a nivel nacional (artigos 107 e seguintes) e na medida en que estes Estatutos desenvolven os Estatutos Nacionais (e por suposto os Federais) deben respetar o marco superior.

Segundo o art. 109 dos Estatutos Nacionais, as XSG teñen autonomía na súa organización de base, concretada na súa posibilidade de celebrar os seus congresos e da elección de órganos de dirección a todos os niveis. Esta autonomía implica que o carácter constitutivo da existencia XSG non está vinculado a pertencencia ou relación coas agrupación municipais constituídas na provincia de Ourense, senón que é independente. Dito isto sin perxuizo das relacións orgánicas e colaborativas que poidan levarse a cabo.

Polo tanto, creemos que esta formulación é inadecuada en estritos termos xurídicos pola súa posible contradicción cos Estatutos de nivel superior.

Por outra banda, non se pode eliminar a mención á posibilidade de referendo das resolucións que adopten por parte da Comisión Executiva Provincial, en consonancia co mandato do artigo 112 dos Estatutos Federais e 109 dos Estatutos Nacionais. Quere destacarse que a redacción vixente e que se propón para este IV Congreso é a seguinte “poderán ser obxecto de referendo pola CEP do Partido”, en consonancia cos seguintes preceptos:

O artigo 77.1 dos Estatutos Federais que literalmente di “tendrán que ser refrendadas por los órganos de dirección del PSOE”, e o artigo 109 dos Estatutos Nacionais que di que “as súas resolucións terán que ser referendadas polos órganos de dirección do PSdeG- PSOE, a fin de que non existan contradicións”

PROPOSTA

Polo tanto, e baseados nos criterios xurídicos anteriormente expostos, a proposta é DENEGAR AS EMENDAS núm. 1, 7 e 9 sobre os artigos 60 dos Estatutos, que se somete a votación.

VOTACIONES NÚM. 2 e 3

Presentadas 2 emendas sobre o mesmo precepto dos Estatutos Provinciais procede acumular a súa tramitación por razóns de eficiencia e economía e por coherencia co texto final que se proporá.

PRECEPTO QUE SE EMENDA

Artigo 61. Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense terá a tarefa, conxuntamente co PSdeG-PSOE de Ourense, da elaboración da política socialista para a mocidade da provincia, incluíndo a avaliación das súas necesidades e as respostas a darmos dentro e fóra das institucións. A tal efecto, cando, a xuízo de calquera das partes, dito proceso así o aconselle, crease unha Comisión de Xuventude formada polo mesmo número de membros de ambas organizacións, a nivel provincial ou municipal. Tamén en ámbolos dous niveis:

- a) o Partido colaborará de forma regular, económica e politicamente, con Xuventudes Socialistas, e a tal fin incorporará unha partida nos seus orzamentos
- b) Xuventudes Socialistas poderá utiliza-los medios dos que dispoña o Partido, previa autorización da Executiva responsable dos mesmos.

EMENDAS QUE SE PRESENTAN

2	Art. 61	Substitución	XS	As Comisións Executivas Municipais da provincia, impulsarán a incorporación ás XSG dos afiliados e afiliadas menores de 30 anos, e impulsarán a creación de Agrupacións Municipais de XSG na provincia. O PSdeG-PSOE da provincia de Ourense debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudantís afíns ao partido na provincia de Ourense, en especial, aquelas ligadas ás XSG.
5	Art. 64	Substitución	XS	As secretarías de Organización do PSOE e das JSE emitirán a oportuna certificación do ámbito provincial. En todo caso, a representación das XSG será, como mínimo do 2% e como máximo do 5% dos representantes en ditos Congresos ou Conferencias.
6	Art. 65	Substitución	XS	Xuventudes Socialistas da provincia de Ourense terá a tarefa, conxuntamente co PSdeG-PSOE de Ourense, da elaboración da política socialista para a mocidade da provincia, incluíndo a avaliación das súas necesidades e as respostas a darmos dentro e fóra das institucións. A tal efecto, cando, a xuízo de

				calquera das partes, dito proceso así o aconselle, crease unha Comisión de Xuventude formada polo mesmo número de membros de ambas organizacións, a nivel provincial ou municipal. Tamén en ámbolos dous niveis: a) o Partido colaborará de forma regular, económica e politicamente, con Xuventudes Socialistas, e a tal fin incorporará unha partida nos seus orzamentos b) Xuventudes Socialistas poderá utiliza-los medios dos que dispoña o Partido, previa autorización da Executiva responsable dos mesmos, así como un acceso libre ás sedes cunha previa asunción de responsabilidade de posesión da chave.
10	Art. 61.	Adición	XS	así como un acceso libre ás sedes cunha previa asunción de responsabilidade de posesión da chave.

CRITERIO DO COMITÉ ENCARGADO DA ELABORACIÓN DA PONENCIA.

A emenda núm. 2 plantexa unha substitución do texto vixente e, en relación á Emenda núm. 6 que desplaza o contido do precepto cara o actual artigo 65. Estamos polo tanto ante unha emenda de contido imposible, posto que de suprimir o texto actual do artigo 61 faríase a condición de introducir o seu contido no actual artigo 65, e de suprimir o actual artigo 64 polo contido da emenda núm. 5. Polo tanto, as catro emendas deben valorarse de xeito conxunto.

En relación a substitución dos artigos 64 e 65 actuais polo contido da emenda núm. 5 e do artigo 61 (emenda núm. 6) non é viable polos seguintes motivos:

En primeiro lugar, porque estamos ante un suposto de incorrecta técnica lexislativa ou normativa que afecta a sistemática dos Estatutos. Xa tivo ocasión de dictaminar o Tribunal Constitucional (por todas Sentencia núm. 150/1990) que a inserción ou modificación normativa ten que facerse dende unha perspectiva sobre todo o conxunto normativa, que, levado ao noso caso, dentro do respecto aos Estatutos de rango superior e o respecto á propia estrutura e sistemática interna do noso documento.

En segundo lugar, porque a emenda 5, destinada a determinar a certificación censal e participación de XS nos Congresos é unha mención innecesaria, xa que está recollida nos artigos 111 e 112 dos Estatutos Nacionais e no artigo 63 dos Estatutos Provinciais por remisión aos mesmos.

En terceiro lugar porque trata de reelaborar un capítulo enteiro dos Estatutos no que se suprime o Capítulo III (artigos 64 e 65) cuxo contido desaparece do texto. O devandito contido si que é necesario en canto recolle o procedemento de formalización dos convenios polo comité provincial, desaparece do texto. É dicir, de prosperar as emendas suprimiríamos un contido imprescindible.

En canto a Emenda núm. 2, o Comité encargado da elaboración da Ponencia e da reforma dos Estatutos provinciais propón reformular a proposta de Xuventudes socialistas

PROPOSTA NÚM. 1: Reenumerar o actual artigo 61 a 61.1

PROPOSTA NÚM. 2: Incorporar un apartado 2 no artigo 61 co seguinte texto:

“As Comisión Executivas Municipais da provincia impulsarán a creación de agrupacións municipais das XSG, nos termos previstos no art. 110.2 dos Estatutos Nacionais”

PROPUESTA NÚM. 3: Incorporar un apartado 3 no artigo 61 co seguinte texto:

O PSdeG-PSOE da provincia de Ourense debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudiantís afíns ao partido na provincia de Ourense, en especial, aquelas ligadas ás XSG.

En canto a Emenda núm. 10, e a Emenda núm. 6, in fine, plantexan o seguinte texto: “así como un acceso libre ás sedes cunha previa asunción de responsabilidade de posesión da chave”. A primeira emenda coma unha adición ao artigo 61 e a segunda coma unha redacción alternativa ao artigo 65 que xa consideramos como non factible.

Neste sentido, convén recordar a normativa actual:

O artigo 61 dos Estatutos Provinciáis dispón que Xuventudes Socialistas poderá utiliza-los medios dos que dispoña o Partido, previa autorización da Executiva responsable dos mesmos.

O artigo 111 dos Estatutos Nacionáis, como organización xuvenil do PSdeG-PSOE poderán utilizar para o desenvolvemento da súa actividade os medios materiais dos que dispoña o partido, previa autorización da CENG e/ou outras direccións políticas nos diferentes ámbitos territoriais e orgánicos.

O entorno xurídico actual é suficiente para outorgar o uso das instalacións e demais medios dentro dos aspectos destinados á organización do partido, considerando o marco Estatutario que é, dentro das potestades de xestión das diferentes executivas o marco axeitado para as posibles autorizacións de uso ou disfrute dos medios dos que dispón o partido. Por iso, a incorporación dun precepto con este contido nos Estatutos non é axeitado dende tres puntos de vista:

O primeiro é que a denominada autonomía de base da que desfruta a organización supón unha relación colaborativa co partido, pero que non pode acadar a incorporación no Estatuto Provincial de obrigas ou dereitos diferentes aos recollidos nos Estatutos de nivel superior.

O segundo é que a capacidade de dispor dos bens do partido ven determinada polo réxime patrimonial estatutario onde queda delimitado o alcance e as competencias sobre a xestión e a titularidade dos bens.

O terceiro é que, en consonancia cos Estatutos Nacionais, o uso ou disfrute dos medios do partido baséase na política organizativa e non na existencia dun dereito per se no marco estatutario. Non parece, polo tanto o lugar idóneo para tal reivindicación, e moito menos a nivel provincial, onde as capacidades e as competencias veñen determinadas de antemán polos Estatutos de nivel superior.

PROPOSTA

Polo tanto, e baseados nos criterios xurídicos anteriormente expostos, fanse as seguintes propostas

I.- DENEGAR AS EMENDAS núm. 5, 6 e 10 sobre os artigos 60 e 61 dos Estatutos. Esta DENEGACIÓN DEBE VOTARSE POR SEPARADO NA VOTACIÓN NÚM. 2.

II.- ACEPTAR PARCIALMENTE A EMENDA núm. 2 do seguinte xeito

NÚM. 1: Reenumerar o actual artigo 61 a 61.1

NÚM. 2: Incorporar un apartado 2 no artigo 61 co seguinte texto:

“As Comisión Executivas Municipais da provincia impulsarán a creación de agrupacións municipais das XSG, nos termos previstos no art. 110.2 dos Estatutos Nacionais”

NÚM. 3: Incorporar un apartado 3 no artigo 61 co seguinte texto:

O PSdeG-PSOE da provincia de Ourense debe prestar un apoio decidido e colaboración con organizacións estudantís afíns ao partido na provincia de Ourense, en especial, aquelas ligadas ás XSG.

En canto a Emenda núm. 10, e a Emenda núm. 6, in fine, plantexan o seguinte texto: “así como un acceso libre ás sedes cunha previa asunción de responsabilidade de posesión da chave”. A primeira emenda coma unha adición ao artigo 61 e a segunda coma unha redacción alternativa ao artigo 65 que xa consideramos como non factible.

Esta ACEPTACIÓN PARCIAL DEBE VOTARSE POR SEPARADO NA VOTACIÓN NÚM. 3.

VOTACIÓN NÚM. 4

PRECEPTO QUE SE EMENDA

Artigo 63. O artigo 112 dos Estatutos Nacionais será de aplicación á previsión do punto d) do artigo 40.1 de ditos Estatutos.

EMENDAS QUE SE PRESENTAN

4	Art. 63	Substitución	XS	A participación, con voz e voto, das XSG nos Congresos e Conferencias do PSdeG-PSOE de Ourense determinarase en base ao seu censo regularizado na provincia de Ourense segundo o procedemento establecido para o censo do Partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do Partido, nos termos previstos nos Estatutos Nacionais.
---	---------	--------------	----	--

CRITERIO DO COMITÉ ENCARGADO DA ELABORACIÓN DA PONENCIA.

A modificación proposta reproduce de xeito literal o artigo 112 dos Estatutos Nacionais, adaptados a provincia de Ourense. A pesares disto introdúcese unha pequena corrección no texto cunha breve referencia ao precepto concreto para que a devandita referencia non teña carácter xenérico.

PROPOSTA

Polo tanto, e baseados nos criterios xurídicos anteriormente expostos, fanse as seguintes propostas

I.- ACEPTAR A EMENDA núm. 4 e substituír o actual artigo 63 polo seguinte texto.

A participación, con voz e voto, das XSG nos Congresos e Conferencias do PSdeG-PSOE de Ourense determinarase en base ao seu censo regularizado na provincia de Ourense segundo o procedemento establecido para o censo do Partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do Partido, nos termos previstos no artigo 112 dos Estatutos Nacionais.

VOTACIÓN NÚM. 5

PRECEPTO QUE SE EMENDA

Artigo 63. O artigo 112 dos Estatutos Nacionais será de aplicación á previsión do punto d) do artigo 40.1 de ditos Estatutos.

EMENDAS QUE SE PRESENTAN

8	Art. 63	Supresión	XS	DendeTodo o parágrafo do artigo..... na liña Ata.....artigo 63.....na liña.....
---	---------	-----------	----	---

CRITERIO DO COMITÉ ENCARGADO DA ELABORACIÓN DA PONENCIA.

O precepto que se emenda ven de ser debatido pola aceptación da emenda núm. 4 (votación núm. 4) polo que decae pola súa propia natureza.

PROPOSTA

Polo tanto, e baseados nos criterios xurídicos anteriormente expostos, fanse as seguintes propostas

I.- DENEGAR a emenda núm. 4.

VOTACIÓN NÚM. 6

PRECEPTO QUE SE EMENDA

Artigo 62. Os/As representantes de Xuventudes Socialistas nos órganos do Partido de niveis territoriais provincial e inferiores, serán designados pola organización xuvenil consonte á súa propia normativa, cumprindo a condición de que na elección non poderán participar afiliados en Agrupacións de Xuventudes de fóra da nosa provincia.

A participación con voto de representantes de Xuventudes Socialistas nas reunións de órganos de carácter executivo non implica a súa consideración nominal como membros do mesmo a efectos orgánicos.

EMENDAS QUE SE PRESENTAN

3	Art. 62	Substitución	XS	As XSG terán representación con voz e voto nos órganos executivos da provincia por medio do coordinadora ou coordinador das XSG na provincia. Os militantes das XSG na provincia poderán asistir ás Asembleas das Agrupacións Municipais nas que militen en XSG, con voz pero sen voto.
11	Art. 62	Substitución	XS	As XSG terán representación con voz e voto nos órganos executivos da provincia por medio do coordinadora ou coordinador das XSG na provincia. Os militantes das XSG na provincia poderán asistir ás Asembleas das Agrupacións Municipais nas que militen en XSG, con voz pero sen voto. A participación, con voz e voto, das XSG nos Congresos e Conferencias do PSdeG-PSOE de Ourense determinarase en base ao seu censo regularizado na provincia de Ourense segundo o procedemento establecido para o censo do Partido e baixo a supervisión da Secretaría de Organización, utilizando o mesmo baremo que o aplicado para o resto do Partido, nos termos previstos nos Estatutos Nacionais. As secretarías de Organización do PSOE e das JSE emitirán a oportuna certificación do ámbito provincial. En todo caso, a representación das XSG será, como mínimo do 2% e como máximo do 5% dos representantes en ditos Congresos ou Conferencias.

CRITERIO DO COMITÉ ENCARGADO DA ELABORACIÓN DA PONENCIA.

A participación e representación de XSG nos órganos executivos a nas asembleas xa ven determinado polo contido do artigo 110.1 dos Estatutos Nacionais no seguinte texto:

As XSG terán representación nos órganos executivos do partido por medio da/o secretaria/o xeral do ámbito correspondente con voz e voto. As e os militantes das XSG poderán asistir ás asembleas das agrupacións municipais do PSdeG-PSOE, con voz pero sen voto.

As emendas proposta introducen o termo Coordinador que non ten reflexo no texto dos Estatutos Nacionais. Pola contra o texto actual define a representación do seguinte xeito:

“consonte á súa propia normativa”

Trátase dunha formulación máis correcta, toda vez que refrenda o disposto nos Estatutos Nacionais e non contradice o seu contido.

Por outra banda o sistema de participación xa ven de ser introducido na emenda núm. 4 na votación número 4.

PROPOSTA

Polo tanto, e baseados nos criterios xurídicos anteriormente expostos, fanse as seguintes propostas

I.- DENEGAR a emenda núm. 6

VOTACIÓN NÚM. 7

PRECEPTO QUE SE EMENDA

Disposición Transitoria Primeira.

As Agrupacións Comarcais articularanse conforme ás seguintes normas, namentres non se complete o desenvolvemento do previsto nos artigos 34 e 35 dos Estatutos Nacionais e, despois delo, naquilo que sexa compatible entre ambas disposicións:

- a) Os/as Coordinadores/as Comarcais serán os/as membros da CEP que ostenten tal función, nominalmente para cadansúa comarca, na que deberán estar afiliados/as. Xa que logo, cando os que ocupen esta responsabilidade pasen a ser determinados pola vía que prevea o devandito desenvolvemento dos Estatutos Nacionais, os primeiros seguirán sendo membros da CEP, con voz e voto, pero perdendo a función de coordinadores comarcais, e, entrementes, as posibles substitucións de Coordinadores/as Comarcais realizaranse, no seu caso, dos xeitos que prevé o artigo 45 destes Estatutos.
- b) En cada comarca existirá cadansúa Coordinadora Comarcal, presidida polo Coordinador Comarcal e da que tamén formarán parte os/as Secretarios/as Xerais das Agrupacións Municipais, os alcaldes e voceiros municipais socialistas, e mais un representante de Xuventudes Socialistas.
- c) O Coordinador/a Comarcal coordinará o funcionamento da estrutura comarcal co da provincial e cos das respectivas Agrupacións Municipais, e manterá á CEP informada da actividade do Partido na comarca, e viceversa.

EMENDAS QUE SE PRESENTAN

12	D.T. 1ª	Adición	Petín	d) Mentres non se desenvolva nos Estatutos Nacionais o proceso de elección dos/as Coordinadores/as Comarcais, estes/as serán elixidos/as polos membros da agrupación comarcal que forman parte da mesma, e que se especifican no apartado b) desta DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.
----	---------	---------	-------	--

CRITERIO DO COMITÉ ENCARGADO DA ELABORACIÓN DA PONENCIA.

A actual regulación das Agrupacións Comarcais atópase nos artigos 32 e 33 dos Estatutos Nacionais. Na actualidade aínda está pendente de desenvolvemento segundo o disposto no artigo 33.

“A CENG aprobará un regulamento de funcionamento das agrupacións comarcais, do que se dará conta no primeiro Comité Nacional Galego”

Sigue existindo, polo tanto, un réxime transitorio que xustifica o mantemento da regulación actual prevista nos apartados a) e b) da Disposición Transitoria Primeira. A emenda que se presenta plantexa un réxime de elección de Coordinador Comarcal polas propias agrupacións que non ten refrendo nos Estatutos Nacionáis, como dicimos, pendentes de desenvolvemento e na medida en que o sistema de elección que finalmente contemple é, polo momento, descoñecido, non se pode establecer un sistema contrario o previsto finalmente pola norma de rango superior.

Por outra banda, a forma de presentación da emenda é incorrecta, xa que, mediante a adición da letra d) éntrase en contradición coa letra actual a) sin que se plantexe a súa supresión ou substitución. É dicir, no caso de prosperar esta adición existiría unha contradición absoluta entre dous preceptos do mesmo artigo.

PROPOSTA

Polo tanto, e baseados nos criterios xurídicos anteriormente expostos, fanse as seguintes propostas

I.- DENEGAR a emenda núm. 12

VOTACIÓN NÚM. 8

PRECEPTO QUE SE EMENDA

Artigo 36. Son membros electos do Comité Provincial, con voz e voto:

- a) Os elixidos a tal efecto polo último Congreso Provincial, que suporán nun terzo do total dos membros do Comité Provincial.
- b) Os elixidos polas Asembleas Municipais, que se distribuirán entre as Agrupacións Municipais conforme ao baremo vixente, aplicado a cadanseu censo de militantes, e que suporán dous terzos dos membros do Comité Provincial.

EMENDAS QUE SE PRESENTAN

13	Art. 36	Substitución	Organización	Artigo 36. Son membros electos do Comité Provincial, con voz e voto: a) Os elixidos a tal efecto polo último Congreso Provincial, que suporán nun terzo do total dos membros do Comité Provincial. b) Os elixidos polas Asembleas Municipais, que se distribuirán entre as Agrupacións Municipais conforme ao baremo vixente, aplicado a cadanseu censo de militantes, e que suporán dous terzos dos membros do Comité Provincial.
----	---------	--------------	--------------	---

CRITERIO DO COMITÉ ENCARGADO DA ELABORACIÓN DA PONENCIA.

En data 08.02.2022 chegou o comunicado núm. 12/2022 da Secretaría de Organización do PSdeG-PSOE de Galicia no que se informa do seguinte:

De cara á celebración dos vindeiros Congresos Provinciais, e tras a aprobación dos Estatutos Nacionais no 14 Congreso Nacional do PSdeG-PSOE, trasladámosvos aos Comités Organizadores, para o voso coñecemento e execución nos respectivos Congresos, as seguintes normas en vigor da nosa organización:

Estatutos Nacionais

art. 5.2.Elección doutros órganos:

- a) Elección das e dos membros dos comités provinciais e nacional:

1. A elección das e dos membros dos comités provinciais e nacional galego realizarase nun 50% polos seus respectivos congresos e nun 50% por parte da militancia a través das agrupacións municipais ou intermunicipais, cando proceda, nun proceso que convocarán a Comisión Executiva Nacional Galega e as distintas comisións executivas provinciais, antes de que se constitúan os respectivos comités.

Artigo 40.2. Membros elixidas/os: as e os representantes elixidas/os de acordo co previsto no artigo 5.2 a) destes estatutos tendo en conta o censo de militantes válido para a celebración do Congreso Provincial e o baremo establecido para a celebración deste.

No texto previsto e transmitido aos Delegados en data 26.01.2022, segundo o disposto no calendario congresual, figura un texto que non puida ser Emendado pola vía ordinaria, polo que debe ser sometido a votación na Comisión de Estatutos para a súa aprobación no plenario.

A modificación non afecta aos procedementos en curso, toda vez que debe prevalecer o texto de rango superior previsto nos Estatutos Nacionais.

PROPOSTA

Polo tanto, e baseados nos criterios xurídicos anteriormente expostos, fanse as seguintes propostas

I.- APROBAR A EMENDA núm. 13 e modificar o artigo 36 dos Estatutos no seguintes termos

Artigo 36. Son membros electos do Comité Provincial, con voz e voto:

- a) Os elixidos a tal efecto polo último Congreso Provincial, que suporán nun terzo do total dos membros do Comité Provincial.
- b) Os elixidos polas Asembleas Municipais, que se distribuirán entre as Agrupacións Municipais conforme ao baremo vixente, aplicado a cadanseu censo de militantes, e que suporán dous terzos dos membros do Comité Provincial.

ACTA DE VOTACIONES

Sendo ás _____ horas do día 26 de febreiro de 2022, declárase constituída a Comisión de Estatutos do IV Congreso Provincial, coa seguinte mesa:

Presidente. _____

Vicepresidente _____

Secretario _____

1º.- Dase por constituída a mesa

2º.- Segundo o artigo 28 do Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais désígnase pola mesa a Diego Alonso de Abel a proposta do Comité Organizador como poñente da presente Comisión.

3º.- Procédese a lectura, debate e votación das emendas presentadas so Estatutos Provinciais cos seguintes resultados.

VOTACIÓN NÚM. 1. DENEGAR AS EMENDAS núm. 1, 7 e 9 sobre os artigo 60 dos Estatutos

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

VOTACIÓN NÚM. 2 e 3

NUM.2 DENEGAR AS EMENDAS núm. 5, 6 e 10 sobre os artigos 60 e 61 dos Estatutos.

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

NUM.3 ACEPTAR PARCIALMENTE A EMENDA núm. 2

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

VOTACIÓN NÚM. 4 ACEPTAR A EMENDA núm. 4 e substituír o actual artigo 63 polo texto proposto.

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

VOTACIÓN NÚM. 5 DENEGAR a emenda núm. 4.

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

VOTACIÓN NÚM. 6 DENEGAR a emenda núm. 6

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

VOTACIÓN NÚM. 7 DENEGAR a emenda núm. 12

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

VOTACIÓN NÚM. 8 APROBAR A EMENDA núm. 13 e modificar o artigo 36 dos Estatutos

VOTOS A FAVOR___ VOTOS EN CONTRA___ ABSTENCIÓNS___

VOTADA POR ASENTIMENTO_____

4º.- Procédese a continuación a elaborar o Dictamen da Comisión, coa incorporación do resultado das votacións para a súa presentación ao plenario.

5º.- Propónse para a defensa do Dictamen no Plenario, de ser necesaria a_____.



COMISIÓN DE ESTATUTOS



6º Incidencias / Outras cuestións.

Sen máis asuntos que tratar, dase por finalizada a presente Comisión.

En Ourense, ás _____ horas do día 26 de febreiro de 2022

A Presidenta / O Presidente

A vicepresidenta / O vicepresidente

A secretaria / O secretario



REGLAMENTO FEDERAL DE DESARROLLO DE LOS ESTATUTOS FEDERALES

Comité Federal, 7 de enero de 2022

DEBATES EN LAS COMISIONES

Artículo 27. Mesa de la comisión

Una vez constituidas las comisiones con los/las delegados/as inscritos en las mismas, se procederá a la elección por mayoría simple de las mesas que dirijan y moderen los debates. Cada mesa estará compuesta por un/a Presidente/a, un/a Vicepresidente/a y un/a Secretario/a de Actas, que necesariamente habrán de ser delegados/as inscritos/as en dicha comisión.

Artículo 28. Funcionamiento de la Comisión

1. Elegidas las mesas, en cada Comisión se examinará la Ponencia-Marco correspondiente elaborada por el Comité Federal, así como las proposiciones y enmiendas según lo previsto en los artículos 10 y 11 de este Reglamento. Tanto en el proceso de elaboración de la memoria de enmiendas como en el seno de la Comisión se podrá rechazar, la toma en consideración aquellas enmiendas presentadas que se aparten notoriamente del objeto de la discusión o por incurrir en defectos formales insubsanables en la proposición.
2. En cada comisión será nombrada por la Mesa una Ponencia, formada por una o varias personas. Podrán ser designados/as ponentes los/as delegados/as inscritos/as en cada comisión, los/as miembros en funciones de los órganos federales y las personas propuestas por el Comité Organizador. La Mesa podrá, a propuesta de la ponencia y si lo acuerdan los/as delegados/as, elaborar una propuesta de dictamen.

Artículo 29. Debate en comisión

La Mesa de la Comisión organizará el debate del texto base, punto a punto o artículo a artículo, a tenor de la naturaleza del debate y del número de intervenciones, podrá limitar los turnos a favor o en contra, así como el tiempo de palabra. En cualquier caso, los tiempos de palabra no podrán exceder de 5 minutos por turno, de 3 minutos para las rectificaciones y de 2 minutos para las alusiones. En cualquier momento del debate, la Mesa, a instancia de la Ponencia, podrá asumir una enmienda propuesta, en cuyo caso no será necesaria la continuación del debate; o proponer una enmienda transaccional, en cuyo caso, si no es aceptada por los proponentes y mantienen su enmienda original, serán objeto de debate y votación la enmienda transaccional y la original.

Artículo 30. Dictamen de la Comisión

El debate finalizará con la elaboración de un Dictamen. La Comisión elegirá de entre su seno el ponente que defenderá el dictamen en el Pleno del Congreso, que puede ser de la Ponencia en comisión u otro/a Delegado/a de la misma.

Artículo 31. Debate en plenario de discrepancias con el Dictamen de la Comisión

Conforme al 22.5 de los Estatutos Federales, aquellos/as delegados/as que no estén de acuerdo con el dictamen de la Comisión podrán mantener para su debate en Plenario aquellas enmiendas presentadas que cuenten con al menos por el 30 por 100 de los votos inscritos en su respectiva Comisión.

Artículo 32. Tipos de enmiendas

1. Enmiendas a la totalidad: Las presentadas al conjunto de la Ponencia-Marco.
2. Enmiendas parciales: Las presentadas a los párrafos numerados de la ponencia o los artículos de los Estatutos Federales. Podrán ser, a su vez:
 - a. De adición: cuando añada un texto.
 - b. De modificación: cuando ofrezca un texto que sustituya o modifique.
 - c. De supresión: cuando solicite la desaparición de un punto o artículo.

DEBATES EN EL PLENO

Artículo 33. Debate del Dictamen de la Comisión en Plenario

1. El debate en el Pleno comenzará con la exposición del dictamen de la Comisión y, si las hubiera, de las enmiendas vivas totales o parciales al mismo, según el siguiente procedimiento:
 - a. Primero se debatirán las enmiendas a la totalidad, en un turno a favor y otro en contra de 5 minutos cada uno. En caso de ser aprobada la enmienda a la totalidad, el Congreso resolverá si se devuelve el texto a la Comisión o si delega en otra constituida al efecto, para que emita un dictamen. En ningún caso se pasará a discutir un texto que no haya sido examinado y debatido en detalle en el seno de la Comisión.